# Uso de tags (etiquetas)

Imos ver como utilizar TAGS ou etiquetas nos nosos posts. Os tags ou etiquetas son palabras clave que definen temas ou conceptos tratados nun post. A súa función é a de permitir acceder a unha relación de posts que traten sobre un tema determinado, definido polo tag que seleccionamos.

1. Entramos na pantalla de Administración do xeito habitual e prememos en Escribir unha entrada...




2. Escribimos o título do post e asignámoslle unha categoría...




3. Escribimos o corpo do post e reparamos no campo Tags situado a pé da caixa de edición...



4. No campo Tags, escribimos os conceptos clave que definen o post. Se escribimos máis de un tag, debemos separalos por comas. Logo prememos Publicar e facemos clic en Ver entrada...




5. Ao final do post vemos os tags que lle asociamos. Se prememos nalgún deles, aparece unha relación dos posts aos que se lle asociou esa etiqueta, independentemente da categoría á que pertenzan...




6. Sobre o bloque de Categorías, vemos un bloque que inclúe os tags do blogue por orde alfabética (Nube de tags). No exemplo podemos ver 3 tags: categoría, tag, tema
O distinto tamaño correspóndese co nº de posts que os inclúen. Facemos clic en tag...



7. Aparece unha relación dos posts aos que se lle asociou a etiqueta "tag", independentemente da categoría á que pertencen...




8. Prememos agora sobre tema...




9. Aparece unha relación dos posts aos que se lle asociou a etiqueta "tema", independentemente da categoría á que pertencen...



10. A diferencia coas categorías, ao facer clic sobre un tag podemos ver posts de distintas categorías. Ao facer clic sobre unha categoría, só vemos a relación de posts da categoría seleccionada. Prememos sobre a categoría General...




11. Aparecen tódolos posts da categoría, teñan ou non tags asociados...




12. Como sempre, podemos engadir e borrar tags a posts xa escritos. Non temos máis que editar o post que nos interese. Prememos en Administrar...



13. Seleccionamos a pestana Xestionar...




14. Na relación de posts, buscamos o que nos interese e prememos en Editar...




15. Na ventana de edición facemos os cambios que queiramos e rematamos por premer no botón Gardar...



16. Para ver os cambios que fixemos, prememos en Ver sitio...




17. Observamos os cambios producidos na Nube de tags...

